

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS PARA A FINANCIACIÓN DUN POLO DE EMPRENDEMENTO RURAL, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito. Así, a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social ten entre outras, competencias en materia de fomento do emprego, traballo autónomo, cooperativas e economía social e apoio á integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade. Tamén lle corresponde desenvolver as funcións atribuídas á consellería en materia de fomento do emprego en colaboración coas administracións e institucións públicas e con entidades sen ánimo de lucro.

Con data 21.07.2020 o Consello Europeo aprobou o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe como elemento central, un Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, permitindo levar a cabo reformas tanto a nivel nacional como en cogobernanza coas comunidades autónomas con competencias transferidas; e, o Consello de Ministros mediante o seu Acordo de data 27 de abril de 2021 aprobou o Proxecto de Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España e este foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021.

Unha das políticas panca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (VIII) trata de deseñar unha nova política dos coidados e do emprego e, en concreto o compoñente 23 do Plan, refírese a conseguir que as políticas públicas de emprego permitan avanzar nun mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo, dando impulso ás ditas Políticas Activas de Emprego.



O Consello de Ministros, na súa reunión do 6 de xullo de 2021, autorizou os criterios de distribución de fondos para o exercicio 2021, dos créditos xestionados polas comunidades autónomas con competencias estatutariamente asumidas no ámbito de políticas activas de emprego para o financiamento de proxectos de investimento no marco, entre outros, do compoñente 23 “Nuevas Políticas Públicas para un mercado de trabajo dinámico, resiliente e inclusivo”.

Antecedentes

Unha das actuacións que corresponde levar a cabo ás Comunidades Autónomas, dentro do dito compoñente 23 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, é a de desenvolver proxectos territoriais que aborden o reto demográfico e faciliten a transformación produtiva, en particular cara unha economía verde e dixital, promovendo a creación de emprego que contribúa a fixar poboación no ámbito rural e nos seus pequenos municipios, dinamizadores do desenvolvemento local sostible.

Pola súa banda, a Fundación Roberto Rivas, clasificada de interese para o fomento da economía produtiva de Galicia, por Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza de 17 de febreiro de 2012 (DOG núm. 48 do 8 de marzo), declarada de interese galego a través da Resolución do 22 de marzo de 2012 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria (DOG núm. 65 do 3 de abril), é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus obxectivos o desenvolvemento sustentable das comunidades, incluso coas persoas e respectuoso coa contorna, impulsando o emprendemento social innovador en zonas rurais para xerar oportunidades que propicien o arraigo da poboación nos territorios, garantindo o seu benestar e os seus dereitos.

A Consellería de Emprego e Igualdade e a Fundación Roberto Rivas teñen interese no financiamento dun polo de emprendemento rural situado no concello de Silleda e que estenderá a súa actividade a área de Pontevedra Norte e Rías Baixas, comarcas do Deza,



Caldas e o Salnés, e concretamente aos Concellos destacados no mapa inserido no Anexo ao Convenio.

Con esta colaboración garántese un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas entidades en beneficio da cidadanía e da sociedade galega, xa que a promoción de iniciativas económicas no medio rural favorece a loita contra a despoboación, e o envellecemento poboacional, a igualdade e un acceso equitativo aos servizos.

Marco normativo de aplicación ao Convenio relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O marco normativo básico reitor do convenio en canto ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation, ven representado polas seguintes disposicións:

Regulamento (UE) 2020/2094, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19

Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España (aprobado o 16/06/2021 por Decisión do Consello de Europa)

Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR

Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR

Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico y Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.



Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Fundación Roberto Rivas un instrumento convencional .

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso, exprésase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Dado o carácter singular das actuacións que se van desenvolver en base a razóns de interese social e ao interese prioritario de establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Fundación Roberto Rivas para o desenvolvemento dalgunhas das medidas previstas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que corresponde executar á Comunidade Autónoma de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrència pública para os efectos da subscripción deste convenio posto que a Fundación é unha entidade pioneira no desenvolvemento un laboratorio de innovación e de emprendemento social no territorio, a través do cal leva a cabo un apoio integral ao emprendemento innovador.

A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, establece no seu artigo 67 que, para os expedientes de gasto financiados con fondos do mecanismo de recuperación, no caso de que a súa tramitación se inicie no exercicio corrente pero a súa execución orzamentaria non vaia ter lugar ata o exercicio seguinte ou outros exercicios posteriores, será posible a súa tramitación anticipada ao longo do dito exercicio, e poderá chegar ata a fase de formalización do compromiso de gasto no exercicio corrente.

En virtude do anterior, e acreditado que a Fundación Roberto Rivas cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Xustificación económica

A Consellería de Emprego e Igualdade achegará a cantidade total de cento vinte mil euros (120.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 11.04.322C.481.14 (código de proxecto 202200085) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 para o financiamento do obxecto do Convenio, e no marco do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”.

O presente convenio tramítase ao abeiro do disposto no artigo 25 do Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia e no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, polo que queda a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Asimismo, con data 18.10.2021 o Consello da Xunta de Galicia aproba o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, no que se prevé unha subvención nominativa para a Fundación Roberto Rivas por importe de cento vinte mil euros (120.000,00€).

En Santiago de Compostela, (na data da sinatura electrónica)

A Directora xeral de Emprego, Traballo Autónomo
e Economía Social

Covadonga Toca Carús

